

O GRUPO ALÉN DE ANCOS SERÁ O ENCARGADO DE PECHAR A FESTA DE ENTREGA DE PREMIOS.

Alén de Ancos é un grupo formado por xente da comarca de Ferrolterra no ano 2007.

Despois de probar diversas variantes musicais, o seu estilo defínese como FolkFusión, dada a mestura de cancións tradicionais con outras de composición propia.

Levando as rendas da sonoridade musical temos whistles, saxo, gaita galega e uilleann pipe, sempre apoiados nos acordes de guitarra, bouzouki e teclado, e seguindo os ritmos de bodhran e caixón.

A traxectoria musical do grupo comezou con actuacións esporádicas en pequenos locais e festivais próximos a Ferrol, ata consolidarse definitivamente actuando no XII Quantum Music Festival organizado polos alumnos da Facultade de Física de Santiago de Compostela, no ano 2008.

Despois de pequenas gravacións, as máis delas caseiras, chegaron ás semifinais do Concurso Escenario PRAU, de Cantabria, en dúas ocasións, na edición de 2010 e na de 2012. Acadaron o posto de finalistas no Proxecto Runas do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira 2012 e tiveron o pracer de clausurar o XXXIII Festival Irmandiño de Moeche.

No 2013 gravaron o seu primeiro disco, titulado TRINUS. Ese mesmo ano participaron na 1ª edición dos Premios Galegos da Música e foron finalistas no certame Xuventude Crea.

Os integrantes de Alén de Ancos son: Pablo Díaz (Gaita e Whistles), Rubén Gómez (Guitarra), Aitor Rodríguez (Percusións), Iago Casal (Teclado), Carlos Caaveiro (Uilleann pipe) e Fausto Escrigas (Saxo e Bouzouki).

